

A lexendaria vila de Lucerna

A lectura das poesías de Arnaut Daniel na recente edición de G. Toja¹ fíxome bater con esta lexendaria cidade. As notas que este editor dá acerca de tal misterioso topónimo suxeríronme a redación destas líneas pra completar e rectificar algunha opinión verquida polo editor, basándome na miña vivencia desta lendia e nas páxinas que Murguía² e Monteagudo³ dedican ó tema das cidades asolagadas en Galicia. Non hai nesto moitas aportacións novas pola nosa parte. Sóio pretendemos completá-los datos que aporta a filoloxía cos que nos dá a etnoloxía e poñelos á disposición dos filólogos.

Aparece a alusión a esta vila dúas veces na obra de Arnaut Daniel. Unha delas na estrofa terceira da famosa *cansó* que empeza: *En cest sonet coind'e leri*. A estrofa completa dí así:

Mil messas n'aug e'n proferi
e'n art lum de cer'e d'oli
que Dieus m'en don bon issert
de lieis on no'm val escrima;
e qan remir sa crin saura
e'l cors q'es grailet e nou
mais l'am que qi·m des Luserna.

O sentido do último verso non ofrece duda ningunha: *mais que qi·m des Luserna* ven a equivaler a un adverbio de cantidade en grado superlativo incidindo sobre *l'am*. Este tipo de adverbialización por comparación é un recurso moi produtivo na fala popular. Algunhas destas frases, polo seu valor estético e afectivo, chegan mesmo a convertirse en sintagmas fixos, que sobreviven pola enerxía poética que teñen. Quizáis o poeta a inserte aquí por eso.

Fainos pensar que se trate dunha frase proverbial o que toda a composición estea callada delas, hastra o punto de que dá a impresión de que todo

¹ ARNAUT DANIEL, *Canzoni, edizione critica a cura di Gianluigi Toja*, Sansoni, Firenze, 1960.

² M. MURGUIA, *Galicia, na colección España, sus monumentos y arte - su naturaleza é historia*, Barcelona, 1888, especialmente páxs. 29-44.

³ L. MONTEAGUDO, "Palafitos. Problemas y leyendas" RDTP XIII 1957, páxs. 76-138. Trataron tamén este tema, sóio con referencia á localización de Lucerna: J. BÉDIER, *Les Légendes Épiques*, 3ème. éd., v. III, París, 1929, páxs. 153-166; L. L. CORTES Y VAZQUEZ, "La leyenda del lago de Sanabria" en RDTP, IV, 1948, páxs. 94-114; M. DE RIQUER, *Les Chansons de Geste Françaises*, Nizet, París, 1957, páxs. 217-219. Pódense ver tamén as notas do mesmo Toja (v. n. 1) nas páxs. 278-290.

o poema do trovador non é senón un xogo pra demostrá-la súa habilidade en enrestrar sintagmas coma este. Abonda vé-los tres últimos versos, que fan a *tornada*, compostos cada ún por un dito popular:

Ieu sui Arnautz q'amas l'aura
e chatz la lebre ab lo bou
e nadi contra suberna.

E decir, trátase a si mesmo coma un toleirán iluso, soñador de imposibles, con frases quizáis algo máis escollidas poéticamente pro non máis descritivas cás que podería utilizar hoxe un brañego galego cando di que alguén quere *cortá-lo aire cunha fouce* ou *achaiá-los cotos* ou *asá-la manteiga* ou *pensa que comendo se aiuna*.

Visto esto, resulta lóxico pensar que o dito *quérolle máis a... ca a quen me dea Lucerna* pertence a fraseoloxía popular e que o poeta se apropiou del pola forza evocadora e misteriosa daquela pantástica cidade asolagada.

Ora, ¿de ónde nacéu esta Lucerna? Aparece vencellada a un episodio da vida de Carlomagno recordado por varias *Chansons de geste* entre elas a de *Anseïs de Cartage*:

Paien sont mort, n'en est nus escapés.
Par le proiere Karlon, c'est verités,
Fondi Luiserne, tous est li lius gastés:
Encor le voient li pelerin asés
Ki a saint Jaque ont les cemins antés⁴.

Outra noticia valiosa, a máis vella que temos desta Lucerna, atópase, conforme nos di o Bédier⁵ na crónica de Turpín (en realidade, pseudo-Turpín) onde se menciona entre as cidades que Carlomagno conquistou en España unha *Lucerna Ventosa quae dicitur Carcesa quae est in Valle Viridi*.

Cos datos de Anseïs de Cartage e do pseudo-Turpín busca o Bédier, seguindo o camiño de Santiago, trazas desta Lucerna de Valverde. Como a enumeración das vilas conquistadas por Carlomagno é consecutiva supón o erudito francés que a tal Lucerna debe estar pra acó de Palencia; o autor do Anseïs afina aínda máis: a unha xornada pra acó de Rabanal. Quédalle deste xeito delimitado o terreo que tén que explorar.

A ledicia de Bédier debéu ser grande ó atopar que nas inmediacións do Bierzo hai un Valverde e un Castro de la Ventosa na toponimia actual e aínda que á man esquerda según se vén, a uns kilómetros de Cacabelos, hai unha lagoa, o lago Carucedo. Nas mesmas inmediacións de Cacabelos, a uns dez kilómetros ó N de Carucedo, estaba a abadía de Carracedo que debía de ser moi visitada polos peregríns. Parece, pra máis abundamento, que no Castro de la Ventosa quedan restos dun antigo poblado romano.

Todos estes ingredientes: camiño, ruínas, lago e abadía fixeron, na opinión do ilustre romanista, xermolá-la lendia da Chanson.

⁴ vv. 11.311-11.315. Cft. Bédier *o.c.* p. 155.

⁵ *Ibidem*, p. 159.

Sóio lle falta pra verificar redondamente a súa hipótesis esplicá-lo nome mesmo de Lucerna e pillar un peixe mouro dos que según a lendia nadan por riba da vila.

Varios anos máis tarde deu a conocer L. L. Cortés y Vázquez³ a lendia do lago de Sanabria según a cal, no fondo das súas augas está asolagada a cidade de Villaverde de Lucerna. Con esto pró Toja (supoñemos que tamén pra M. de Riquer, de quen non poidemos consultá-la obra, pro de onde sacóu o Toja “valiose informazioni”) as conclusións de Bédier atopan “piena conferma”.

Atópana aínda moito máis do que pensa o Toja porque deibaxo das mesmas augas do Carucedo hai unha Lucerna, conforme sentíu Monteagudo ós vellos da zona. Aínda máis, no tempo dos romanos houbo alí unhas explotacións auríferas das que quedan hoxe restos, e que lle dan ó lugar un aspecto “dantesco” (Monteagudo, p. 122). Estas ruínas hai que engadilas ás do Castro de la Ventosa. Resulta logo que os datos que dá Cortés y Vázquez en vez de simplificá-la cuestión da Lucerna aínda a enguerellan máis. E non para ahí o asunto: en territorio galego hai censadas (hastra agora) trinta e catro vilas asolagadas das cales sete levan o nome de Valverde ou Villaverde (Xubia-Neda, Doniños, Camelle e Carragal na Cruña; Cospeito e Begonte en Lugo; Allaríz en Ourense) e dúas o de Lucerna (en Valdoviño e Begonte)⁶. En tódolos casos en que hai lendia, foi a falta de caridade dos veciños a causa do castigo. Con todo, a hipótesis de Bédier resulta incontestable xa que o único que buscaba era localizá-la cidade do Cantar.

Chegamos ora ó problema das orixes da lendia de Lucerna e polo tanto ó do esclarecemento do nome desta vila asolagada. ¿Foi popularizada no NO ibérico a través dos romances dos pelegríns franceses ou foi levada de aquí pra aló dos Pirineos? Non resulta doado de saber. A opinión de Murguía é que a lendia foi importada en época medieval: “El que se señalen en Galicia tantas ciudades de Valverde destruidas y cubiertas por las aguas y que a más de una se la denomine Lucerna creémoslo reminiscencia de los romances de milagros que se compusieron y cantaron a la puerta de la iglesia de Santiago, romances cuya extensión debió ser grande por las circunstancias especiales de esta romería. Los hemos hallado pertenecientes al ciclo carlovingio y por lo tanto suponemos fundadamente que entre ellos habría alguno tomado de aquel pasaje de la *Vida de Carlo Magno* por el pseudo Turpín, en el cual se cuenta la destrucción de Lucerna en el Valle verde”⁷. Abonaría esta teoría o que a literatura popular deste ciclo foi moi abundante en Galicia. Dela poido tomarse a lendia e por darlle máis realismo poido vence llarse a algún sitio lacunar conocido. Algo parecido pasóu con outros epi-

⁶ Contabilizámolas polo traballo de Monteagudo.

⁷ *O.C.*, p. 43. Resulta singular a comprobación de que Murguía chegase a localizá-la Lucerna de Turpín no mesmo sitio ca Bédier e aínda antes ca el: “Es más, puede señalarse ya con más claridad que hasta ahora, la localidad a que se refiere el falso Turpín. No es otro que el lago de Carucedo, en el Vierzo, al cual vienen unidas varias y curiosas leyendas propias de la mayor parte de las estaciones lacustres. El valle “verde y fuerte” no es otro que el de Valcárcel, sobre todo cuando se menciona a Carcesa, en el Valle-verde, y Valverde está cerca del Lago” (p. 44).

sodios: aínda hoxe hai sitios onde se conservan marcadas nunha pena as pasadas de Roldán.

O Bédier non se pronuncia espresamente pro parece deducirse do que di que o episodio foi recollido ou inventado no NO ibérico e incorporado á épica carolingia por Turpín ou quizáis outro.

Comoqueira que sexa e aínda estando ben localizada a Lucerna da vida de Carlomagno non queda mesmo así aclarado o nome desta lexendaria vila. Compre, xa que logo, recurrimos á prehistoria e á etnoloxía; séndonos este un territorio alleo recurrimos á guía de especialistas na materia: Monteagudo e mesmo Murguía.

Parece que o tema das cidades asolagadas pertence ó folklore de varios países europeos: ó de Galicia, Francia, Alemania e Suíza, e ten un fundamento na realidade. Según a arqueoloxía, dende os últimos tempos do Neolítico hastra a Edade do Bronce abundaron as construcións palafíticas nos lugares lamacentos e nas aurelas dos lagos e mesmo do mar. O obxecto destas construcións lacustres, palustres e de beiramar é discutido (¿defensa contra enemigos e feras? ¿hixiene?). O caso e que quedan restos moi abundantes destas *Uferdörfer* traídas a luz polas escavacións arqueolóxicas. Moitas están hoxe asolagadas e os postes que sostiñan os casetos asomaron durante moito tempo as cabezas nas épocas de estiaxe grande. Concretamente pra Galicia non hai escavacións neste sentido, pro no ano 1871, S. de la Iglesia conta que viu asomar postes carbonizados en Doniños (citado por Monteagudo).

¿Por qué estas cidades quedaron asolagadas? Os arqueólogos bótanlle a culpa a un vaivén de períodos climáticos, úns abundantes en auga e outros en sequía. Aqueles palafitos construídos en edade de sequía quedaron asolagados cando veu unha edade húmeda e subíu o nivel das augas.

Eis ahí como unha tradición aparentemente pantástica ten un sustrato real.

O primeiro en dar noticia desta tradición é o historiador Jordanes (*Gética*, IV, 26-28, *Mon. Ger. Hist.*) que relata como os godos na súa emigración da Escandinavia á Scitia con familias e reses ó pasar un gran río afundiú-selle-la ponte e quedaron separados en dúas mitades a causa das lagoas e trémboras. Aínda no tempo del os que pasaban por alí podían sentir brados de gando e voces de xente. Pensa por esto Monteagudo que as orixes desta tradición son xermánicas (non célticas como pensan outros) e non sería nada estraño que o cantón suízo de Lucerna (al. Luzern) abundante en restos palafíticos fora a orixe das Lucernas galego-leonesas e carolinxias. A cristianización da lendia trouxo consigo o buscar un motivo relixioso pra explicá-la desaparición da vila.

O feito de ser o NO ibérico tan abundante en estacións lacustres e palustres constituía un lugar abonado pra que arraigara a lendia. Os pelegríns foron os encargados de popularizá-la versión xacobeá alén dos Pirineos. Os poetas engadiron o ingrediente épico de Carlomagno. Nesta forma é como a conocéu Arnaut Daniel.

ANTÓN SANTAMARINA

Universidad de Santiago